



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 334
9 de xullo de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia [109558](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR,

Rexeitamento das iniciativas

26260 (10/PNC-002028)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento e remate do Plan de acollemento de persoas refuxiadas en Galicia [109563](#)

31383 (10/PNC-002538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos posibles contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L.

[109563](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación con modificacións

31961 (10/PNC-002598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e doce máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación do sector, de plans de innovación específicos para o desenvolvemento de novos usos da madeira, novos materiais de base biolóxica e de aplicación do deseño que contribúan a mellorar a valorización dos produtos da industria forestal [109563](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 30298 (10/PNC-002436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense [109564](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 27988 (10/PNC-002186)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles [109565](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de coresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de coresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia (10/PPLI-000001 (339))

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de coresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia

A Ponencia designada pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, para emitir informe sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de coresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia, na reunión e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición e das emendas ao seu articulado presentadas polos grupos parlamentarios, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. A Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, presentada pola súa comisión promotora no Rexistro do Parlamento o día 20 de outubro de 2016, co número de rexistro 339, contén o texto articulado e a exposición de motivos desta iniciativa así como as razóns que aconsellan a súa tramitación.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 28 de outubro de 2016, admitiu a trámite esta iniciativa, declarou constituída a súa comisión promotora e acordou notificar este acordo á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reguladora da iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

1.3. O Pleno do Parlamento tomouna en consideración na sesión do día 17 de outubro de 2017, logo da presentación e defensa por D. Lois Manoel Toirán Vázquez, designado pola comisión promotora para estes efectos.

1.4. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 30 de outubro de 2017, acordou encomendarlle á Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior a ordenación da tramitación da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado. Por acordo da Mesa do Parlamento do 14 de novembro de 2017 ampliouse excepcionalmente o prazo de presentación de emendas ata o 1 de febreiro de 2018. Contra este acordo, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou a reconsideración, desestimada por acordo da Mesa do Parlamento do 16 de xaneiro de 2018. Posteriormente presentáronse dúas solicitudes máis de ampliación excepcional da prórroga (unha por solicitude dos GG. PP. Popular, En Marea e Socialistas de Galicia no doc. núm. 24381, e outra do Grupo Parlamentario Popular no doc. núm. 29082, con corrección de erros no 29094). Estas solicitudes tiñan como finalidade recadar información complementaria relativa ás competencias da Comunidade Autónoma galega nesta materia, a raíz da sentenza do Tribunal Constitucional 133/2017 na que se declaran nulos os preceptos legais autonómicos que regulan a adopción e autotutela. Con este fin, os grupos parlamentarios Popular e Socialistas de Galicia (doc. núm. 21796) solicitaron información á Comisión Superior para o Estudo do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego sobre o encaixe dentro das competencias autonómicas de dereito civil do contido normativo da Proposición de lei de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia. Tal informe tivo entrada no Rexistro da Cámara o 29 de maio de 2018 (doc. núm. 31570).

Finalmente, o prazo para a presentación de emendas ao articulado rematou o 11 de xuño de 2018.

As emendas foron cualificadas pola Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o 18 de xuño de 2018 co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, 25 emendas de supresión (doc. núm. 32237)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 25 emendas de supresión (doc. núm. 32247)
- Do G. P. de En Marea, 24 emendas de supresión (doc. núm. 32246)
- Do G. P. Popular de Galicia, 25 emendas de supresión (doc. núm. 32200)

2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

2.1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 22 de xuño de 2018, designou os seguintes ponentes:

—G. P. Popular de Galicia
Dª Paula Prado del Río (titular)
D Alberto Pazos Couñago (suplente)

—G. P. de En Marea
Dª Paula Quinteiro Araújo (titular)
D. Marcos Cal Ogando (suplente)

—G. P. dos Socialistas de Galicia
D^a Patricia Vilán Lorenzo (titular)
D^a María Luisa Pierres López (suplente)

—G. P. do Bloque Nacionalista Galego
D^a Olalla Rodil Fernández (titular)
D^a Noa Presas Bergantiños (suplente)

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 2 de xullo de 2018, presidida por D. César Manuel Fernández Gil. Nela examináronse as emendas presentadas e o texto da proposición de lei, e a ponencia concluíu o seu informe.

2.3. Elaboración do informe

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión a aceptación de todas as emendas presentadas. Xa que logo, propón deixar sen contido normativo a Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia, ao entender que dos informes recadados se conclúe que a Comunidade Autónoma galega carece de competencias para regular esta materia.

3. Texto articulado do informe da Proposición de lei, de iniciativa legislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia.

(Sen contido.)

Exposición de motivos.

(Sen contido.)

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

(Sen contido.)

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

(Sen contido.)

Artigo 2. *Dereitos e deberes*

(Sen contido.)

CAPÍTULO II

Acordos en previsión de ruptura da convivencia. O convenio regulador

(Sen contido.)

Artigo 3. *Acordos en previsión da ruptura*

(Sen contido.)

Artigo 4. *Convenio regulador*

(Sen contido.)

CAPÍTULO III

Da mediación familiar

(Sen contido.)

Artigo 5. *Da mediación familiar*

(Sen contido.)

CAPÍTULO IV

Das medidas xudiciais na falta de acordo

(Sen contido.)

Artigo 6. *Medidas xudiciais*

(Sen contido.)

Artigo 7. *Garda e custodia dos fillos e fillas*

(Sen contido.)

Artigo 8. *Pensión alimenticia, cargas familiares e gastos extraordinarios*

(Sen contido.)

Artigo 9. *Réxime de comunicación e estancia*

(Sen contido.)

CAPÍTULO V

Destino da vivenda

(Sen contido.)

Artigo 10. *Atribución do uso da vivenda e do enxoval familiar*

(Sen contido.)

CAPÍTULO VI
Medidas previas ou provisionais e definitivas
(Sen contido.)

Artigo 11. *Medidas previas ou provisionais e definitivas*

(Sen contido.)

Disposición transitoria.

(Sen contido.)

Disposición adicional primeira.

(Sen contido.)

Disposición adicional segunda.

(Sen contido.)

Disposición adicional terceira.

(Sen contido.)

Disposición derradeira primeira.

(Sen contido.)

Disposición derradeira segunda.

(Sen contido.)

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Paula Prado del Río
Paula Quinteiro Araújo
Patricia Vilán Lorenzo
Olalla Rodil Fernández

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR,

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 6 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 26260 (10/PNC-002028)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento e remate do Plan de acollemento de persoas refuxiadas en Galicia

BOPG nº 264, do 21.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 31383 (10/PNC-002538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos posibles contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L.

BOPG nº 316, do 06.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 31961 (10/PNC-002598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e doce máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación do sector, de plans de innovación específicos para o desenvolvemento de novos usos da madeira, novos materiais de base bio-

lóxica e de aplicación do deseño que contribúan a mellorar a valorización dos produtos da industria forestal

BOPG nº 319, do 13.6.2018

Sométese á votación a transacción coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 33163) e resulta aprobada por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que elabore uns plans de innovación específicos para o desenvolvemento de novos usos da madeira, novos materiais de base biolóxica e de aplicación do deseño que contribúan a mellorar a valorización dos produtos da industria forestal galega, coa participación dos axentes económicos e sociais dos sectores implicados.

Os ditos plans terán un carácter transversal e contarán con recursos no próximo orzamento de 2019.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 30298 (10/PNC-002436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense

BOPG nº 301, do 8.5.2018

Sométese á votación a transacción coas emendas dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 33164) e Popular de Galicia (doc. núm. 33171) e resulta aprobada pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia para que:

1. Acometa, segundo o Plan director do Camiño de Santiago, a mellora da sinalización da Vía da Prata, no que tamén estará incluído o núcleo de Seixalbo, prevista para o ano 2019, coa priorización dos puntos críticos.

2. Execute a mellora xa prevista no proxecto promovido pola Xunta de Galicia de mellora de seguridade viaria na estrada OU-105 en Seixalbo, con especial atención ao paso por debaixo da ponte da vía do tren, na que se estude a viabilidade dun paso de peóns nas proximidades segundo a normativa vixente de seguridade vial, ao tempo que se mellore a sinalización das advertencias de perigo en ambos os sentidos de circulación.

3. Recorde ao Concello de Ourense as súas obrigas a respecto da roza e limpeza do mato no perímetro rural e a existencia de ordes de axudas da Xunta de Galicia para a accesibilidade e sinalización

dos distintos recursos turísticos, ás que se poderá acoller para realizar a sinalización dalgún elemento patrimonial de interese, como a capela de Santa Águeda.»

Rexeitamento da iniciativa

- 27988 (10/PNC-002186)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles


BOPG nº 280, do 21.3.2018

Sométese á votación a transacción coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 33162) e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727